

**LA POLÍTICA DE INCENTIVOS EN GALICIA: ENTRE EL POSIBILISMO
DE LA TEORÍA Y LAS PARADOJAS DE LOS BENEFICIARIOS**

LUIS CARAMÉS VIÉITEZ

A Coruña: Instituto de Estudios Económicos de Galicia. 2000

[158 páxinas]

Recibido: 20 abril 2001

Aceptado: 15 maio 2001

O *Instituto de Estudios Económicos de Galicia Pedro Barrié de la Maza*, creado e patrocinado polo *Banco Pastor* e pola *Fundación Pedro Barrié de la Maza*, persegue como fins o avance da ciencia económica de Galicia, a mellora do coñecemento da súa realidade socioeconómica e o desenvolvemento do seu capital humano nesta disciplina. Este libro é unha importante contribución á consecución deses fins.

Ó falar de incentivos, estes han ser concibidos como instrumentos de política de desenvolvemento rexional. Facendo un breve repaso histórico ás políticas de incentivos dos últimos trinta anos, cabe comentar cando menos dous trazos: por un lado, que foron bastante numerosos e, por outro, que foron excesivamente dispersos. No seo da Unión Europea conséntase unha redución no número de incentivos, non só por razóns de eficacia senón tamén polas esixencias das autoridades comunitarias en virtude da política de defensa da competencia. Así mesmo, puidemos contemplar unha diminución no grao de confianza na súa efectividade: a localización empresarial non se ve especialmente condicionada pola existencia de incentivos e o atractivo das zonas atrasadas é menor, dado que o nivel salarial non é moito máis baixo có existente en rexións máis industrializadas. Por outra parte, os incentivos perderon interese para moitas empresas, dado que se produciron atrasos no pagamento e barreiras burocráticas para a súa obtención.

O profundo cambio provocado en España debido ó rápido proceso de descentralización puxo en mans das comunidades autónomas unha importante capacidade para implementa-las políticas convencionalmente chamadas “rexionais”. No caso de Galicia, as autoridades galegas viviron case coma unha obsesión a necesidade de mellora-las infraestructuras, prestándolles un especial interese ás da comunicación, cun maior esforzo nas estradas e outro menor no ferrocarril e nos portos, aínda que é certo que nestes dous últimos casos os investimentos son competencia maioritariamente do Goberno central.

En canto á política de incentivos en Galicia, debemos situar nela o *Instituto Galego de Promoción Económica* (IGAPE) que, xunto con SODIGA –sometida recentemente a unha fonda transformación– e INESGA –sociedade instrumental fundada coa finalidade de implica-las entidades financeiras galegas na industrializa-

ción-, constitúen un triple instrumento no que se basea a política de incentivos levada a cabo pola Xunta de Galicia. Destes tres instrumentos, o autor centra o seu interese no estudio das diferentes actividades desenvolvidas polo IGAPE. Este instituto é unha entidade de dereito público suxeito ó ordenamento privado¹ que comeza a súa andaina en xaneiro de 1993, froito do desenvolvemento da Lei autonómica 5/1992, de 10 de xuño. A axuda do IGAPE á empresa galega plásmase nas seguintes liñas:

- Apoio ó investimento empresarial.
- Reestructuración de empresas.
- Garantías á empresa.
- Cooperación empresarial.
- Innovación.
- Formación.
- Servicios a empresas.

As liñas de actuación do IGAPE tradúcense nun conxunto de programas que se poden agrupar en tres áreas operativas: a) Promoción, b) Incentivos e Financiamento, e c) Innovación, Formación e Información. En todos estes programas faise un especial fincapé nas PEMES, debido á especial relevancia que posúen en Galicia. Estes programas vense complementados con tres instrumentos fundamentais: por un lado, os Centros de Innovación e Servicios (CIS) de Deseño-Tecnoloxía e o da Madeira², que teñen como obxectivo a difusión da investigación e o desenvolvemento; por outra parte, atopámonos co sistema IGATEL, creado en 1994 coa finalidade de fomenta-lo uso das telecomunicacións para incrementa-la competitividade das empresas galegas; e en último lugar, témo-lo programa PIMEGA (Plan Integral de Mellora da Empresa Galega) que ofrece subvencións a fondo perdido para potencia-la competitividade e que persegue facilita-lo intercambio de coñecementos entre empresarios. Os resultados da actividade do PIMEGA non poden ser debidamente avaliados hoxe en día, posto que iniciaron as súas actividades o 9 de abril de 1997 e os seus froitos veranse a longo prazo.

Para avalia-la resposta dos beneficiarios da política de incentivos en Galicia, o profesor Caramés realiza un interesante cuestionario. A fin de selecciona-las empresas que pasarán a formar parte do devandito cuestionario, o autor parte dunha mostra inicial de 400 empresas elixidas en función do seu elevado volume de facturación. A continuación, procédese á clasificación das empresas seleccionadas en sete sectores: Agricultura, Minería, Fabricantes, Construcción, Retallistas, Almaceneiros e Servicios. Así mesmo, estes sectores segmentáronse en cinco grupos en función do número de traballadores. Posteriormente, distribúense por provincias.

¹ No referente á administración patrimonial, á contratación e ás súas relacións externas.

² O CIS de Deseño-Tecnoloxía localízase en Ferrol e o CIS da Madeira no Parque Tecnolóxico de Ourense.

Finalmente, o profesor Caramés achega unha serie de conclusións. Entre elas cómpre destaca-lo feito de que os empresarios consideran que a divulgación dos incentivos é bastante mellorable e a simplificación burocrática moi necesaria. Obsérvase tamén que a maior parte das empresas que obtiveron axudas as utilizaron para moderniza-las súas instalacións e amplia-la súa actividade. Cómpre destacar que case a totalidade dos empresarios enquisados se mostran partidarios de primar o gasto en infraestruturas fronte ó gasto en subvencións. Atopámonos con que a empresa-tipo con maior posibilidade de obter axudas é unha empresa de gran tamaño dedicada ás actividades fabrís.

En canto ós factores determinantes das decisións de localización, os empresarios enquisados corroboran a relevancia dos factores subxectivos. Os incentivos teñen un marcado carácter secundario para estes efectos, sendo os incentivos financeiros e as subvencións para a creación de emprego aqueles que parecen ter algunha incidencia nas decisións de localización. Sen embargo, na práctica non se toman en consideración a boa dotación de servicios, parques tecnolóxicos, etc. Tamén se pode observar un leve debilitamento da influencia dos factores subxectivos nas decisións de localización a medida que aumenta a dimensión das empresas.

O autor sostén que o IGAPE iniciou un camiño adecuado na elección de instrumentos e que sería moi recomendable intensifica-las súas accións. Considera que as liñas de axuda establecidas polo IGAPE son axeitadas e resulta moi necesario un esforzo de sistematización, adecuación, economía e transparencia dos recursos destinados á promoción da actividade económica, esforzo que non ha ser menor na función de coordinación.

SUSANA MARTÍNEZ RODRÍGUEZ / ANDRÉS FERNÁNDEZ MÉNDEZ
Departamento de Economía Aplicada
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela